

## ANÁLISIS Y CÁLCULO DE LAS OPERACIONES FINANCIERAS

SANTIAGO XIMÉNEZ RODRÍGUEZ / SARA FERNÁNDEZ LÓPEZ  
LUIS A. OTERO GONZÁLEZ / JUAN PIÑEIRO CHOUSA / INÉS LALINDE ROURA  
Santiago de Compostela: Tórculo. 2000  
[269 páxinas]

Recibido: 20 novembro 2000

Aceptado: 15 maio 2001

Cando nos mercados financeiros descubrímo-la existencia de unidades económicas con déficit e de unidades económicas con superávit, atopámonos, de feito, co xerme ou orixe de calquera operación financeira e, polo tanto, coa base do desenvolvemento e da expansión dos mercados financeiros.

Unha operación financeira defínese como o intercambio de capitais entre dúas ou máis partes suxeito a unha determinada lei ou réxime financeiro; simple definición á que, sen embargo, é posible engadirlle múltiples matizacións que a compliquen.

Por sorte, esta realidade é susceptible de ser modelizada, isto é, reducida a fórmulas matemáticas que a representen e faciliten o seu estudo, xustificando tanto a existencia como o interese da disciplina da análise e do cálculo financeiros.

A obra obxecto deste comentario enmárcase neste ámbito de estudio e destaca polo seu enfoque práctico e polo seu ton ata certo punto informal, que conseguen imprimirlle a unha materia de por si árida, e incluso ás veces tediosa, un atractivo pouco usual.

O método de traballo empregado na redacción de *Análisis y cálculo de las operaciones financieras* pretende, e consegue, achega-la operativa máis básica dos mercados financeiros ó lector/usuario, tanto ó non iniciado na materia, quen descubrirá unha maneira sinxela e amena de comezar a entende-lo funcionamento deses mercados, coma ó experimentado financeiro, quen atopará neste manual un recurso directo a conceptos elementais.

O traballo diríxese fundamentalmente cara ós profanos, na medida en que todo el está impregnado dun carácter claramente didáctico, ó tempo que novidoso e orixinal, baseado na exemplificación e na presentación de aplicacións prácticas de tódolos temas tratados. Así mesmo, a introducción de exercicios resoltos na armazón teórica corrobora a intención docente dos autores.

Os límites da obra e as súas pretensións están perfectamente definidas desde o principio. Céntrase, así, na vertente financeira das operacións, deixando a un lado perspectivas xurídicas, fiscais e mercantís que, aínda que son importantes, complicarían innecesariamente a súa comprensión. De igual xeito, os autores atéñense ó obxectivo de valorar e analiza-los instrumentos financeiros básicos máis comúns e non ir máis alá, pois, dada a intención didáctica e o carácter elemental do libro, no

tería sentido afondar nas complexidades e inmensidades da aplicación das matemáticas financeiras.

O manual está estruturado en torno a catro núcleos básicos. No primeiro deles, baixo o título *Fundamentos de la matemática financiera*, desenvólvese o modelo teórico das operacións financeiras, introducindo e consolidando os conceptos nos que se fundamentarán os restantes capítulos do libro, tales como capital financeiro e suma financeira, e afondando na identificación e na análise (individual e comparativa) das distintas leis financeiras en que se poden concreta-los acordos entre debedor e acredor que dan orixe a unha operación financeira.

A segunda parte ocúpase da valoración financeira das rendas e constitúe un bloque fundamental para a comprensión dos seguintes. Neste apartado desenvólvese polo miúdo a sistemática do cálculo dos valores actuais e finais dos distintos tipos de rendas, centrándose fundamentalmente na análise das rendas certas, e dedicando un capítulo introductorio á valoración das rendas aleatorias ou continxentes.

No terceiro bloque, aplícanse tódolos conceptos presentados ó estudio dalgunhas operacións financeiras nas que interveñen rendas; en concreto, a amortización de préstamos e a constitución de capitais, identificando as súas principais características e as distintas modalidades a través das cales poden levarse a cabo.

Péchase así o contido máis xenuinamente matemático do libro e ábrese na súa cuarta e última parte unha porta para introducirmos na valoración e na determinación do rendemento dos activos financeiros ou, o que é o mesmo, para introducirmos de cheo no mundo das finanzas. Pásase así a un nivel máis conceptual e máis abstracto, no que se pretende configurar unha primeira aproximación á identificación do valor e do custo das operacións financeiras a través dos criterios clásicos do VAN e da TIR, sinalándose as vantaxes e inconvenientes de ámbolos dous e propoñéndose correccións ou solucións alternativas que obvien eses inconvenientes. Incorporárase tamén un capítulo no que se fai fincapé na importancia do tipo de xuro como variable que intervéen en toda operación financeira e expóñense as diversas teorías formuladas sobre a estrutura temporal dos tipos de xuro.

Cómpre destaca-la perfecta ordenación e coherencia interna de cada un dos bloques, e dos bloques entre eles, que contribúen á claridade e á relativa sinxeleza con que se presentan as distintas propostas que compoñen o manual. Os autores fan gala dun estilo directo e lixeiro, fuxindo da tentación de sobrecargar con información ó lector/usuario, e aínda que non nolo contan todo, conseguen non deixar aberto ou incompleto ningún dos conceptos presentados ó longo do libro. Clarifican, ademais, tódolos apartados a través da xa mencionada introducción de exemplos, aplicacións prácticas e exercicios resoltos, o cal fai a materia moito menos “dura de roer”.

Destaca tamén o soporte gráfico da obra, que facilita a comprensión da compoñente teórica, e a referencia ocasional ó uso de determinados programas de software que axilizan e dotan de maior eficiencia o cálculo das operacións financeiras.

Trátase, pois, dun manual básico que presenta a matemática e o cálculo das operacións financeiras dunha forma accesible para todos, cunha marcada orientación práctica na que reside, se cadra, o principal mérito da obra e dos seus autores.

NOELIA ROMERO CASTRO  
Departamento de Economía Financeira e Contabilidade  
Escola Universitaria de Estudos Empresariais de Lugo  
Universidade de Santiago de Compostela